

CICLO
SEN
+
NUMERAR
PRIMAVERA 2025

FORUM
METROPOLITANO

SEN NUMERAR é un ciclo de artes escénicas para público xuvenil e adulto, de espectáculos de pequeno e mediano formato próximos ao público.

SEN NUMERAR é un ciclo de artes escénicas que conta coa colaboración do AGADIC.

Esta primavera presentamos unha oferta de 6 espectáculos de xéneros diversos, de contidos actuais, de estéticas diferentes....

CICLO
SEN
+
NUMERAR
PRIMAVERA 2025

FORUM
METROPOLITANO

LUGAR

Fórum Metropolitano.

HORARIO

20.30 h.

ENTRADA:

9,00 €; descontos (carné Xove, maiores de 65 e persoas desempregadas): 7,00 €

VENDA DE BILLETES

•www.ataquilla.com

•Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres das 11.00 ás 15.00 h e das 16.30 ás 19.30 h

•Despacho de billetes do Fórum: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

PAGAMENTOS

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Fórum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

ACCESO

Cousas que debes saber antes de virnos ver:

- Esíxese puntualidade, non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.
- Todas as persoas que accedan á sala na que terá lugar a función deben facelo con entrada con independencia da idade que teñan e de ocupar ou non butaca.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.
- Os móbiles permanecerán apagados ou en silencio durante o espectáculo.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.
- En cumprimento da LBA do 16 de marzo de 2023 informamos que neste recinto non se permite o acceso de animási de compañía, agás cans guía e/ou de asistencia.


E DESPOIS DO ESPECTÁCULO

Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou deixándonos un comentario no noso correo forummetropolitano@coruna.gal



MÁIS INFORMACIÓN:
www.coruna.gal/cultura

ORGANIZA



COLABORA



Depósito legal: C 1976-2024



Dirección: Sergio Llauger e Elur Olabide
Elenco: Sergio Llauger e Gema González

ROMEO E XULIETA. O ESPECTÁCULO DEFINITIVO

Autoría: Gema González e Sergio Llauger | **Compañía:** Mutismoa Teatro
Venres 14 de febreiro de 2025, ás 20.30 h

60 minutos | Espectáculo en galego

Nas táboas vemos unha proposta tinguida pola comedia, onde o movemento guía a escena. Investigamos sobre danza-teatro e o teatro xestual, elementos que establecen o discurso da obra. As persoas protagonistas atópanse ante un gran dilema existencial.

Unha reflexión sobre o síndrome do impostor e a sensación de que unha creación nunca está rematada.

Mutismoa Teatro é unha compañía de teatro físico formada por Sergio Llauger e Gema González que se caracteriza polo seu enfoque contemporáneo e multidisciplinar, empregando a danza, a música e o movemento para contar historias. O seu obxectivo é crear propostas escénicas que equilibren o entretemento coa profundidade, ofrecendo un teatro accesible e reflexivo que poida chegar a todo tipo de público.



Dirección: Antón Coucheiro
Elenco: Antón Coucheiro, Dani Blanco e Arturo Cobas
sondaniblanco.gal

ABSURDIA

Autoría: Antón Coucheiro, Dani Blanco e Arturo Cobas
Compañía: Dani Blanco Producións
Venres 21 de febreiro de 2025, ás 20.30 h

60 minutos | Espectáculo en galego

Unha paisaxe desolada: podería ser un vertedoiro, unha fábrica abandonada, unha trincheira, unha vella estación. Ducias de cadeiras en montóns desordenados. Tres personaxes abafados por completar unha tarefa que non comprenden e que nunca rematan. Falan, calan, discuten, retórcense, pelexan e danse apertas. Pasan da angustia á euforia cada pouco. Non saben por que están alí, nin o que lles espera. Parece que non poden marchar.

Benvidas e benvidos, isto é **Absurdia**.

Absurdia é un formato de improvisación, inspirado no teatro do absurdo, e baseado na poética do clown.

Absurdia é tamén unha traxicomedia existencialista, unha fábula que se ri do absurdo da condición humana. Improvisacións alegóricas, situacións esperpénticas, filosofía surrealista, diálogos delirantes e humor xestual.



Dirección: Tamara Canosa
Elenco: Victoria Pérez, Anxo Outumuro e Sara Ferro
artefeito.gal

SOÑOS

Autoría: Fernando Epelde | **Compañía:** Artefeito
Venres 28 de febreiro de 2025, ás 20.30 h

60 minutos | Espectáculo en galego

Soños é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada dun xeito integral. Un espectáculo divertido, ameno e sorprendente, pero tamén cunha gran forza social. Unha ficción moi realista e con moito ritmo que nace do contacto directo do autor e da directora con mocidade tutelada, levando as súas experiencias ao escenario.

Soños é unha ventá á realidade da mocidade en risco de exclusión: amósanos o seu contexto, as súas aspiracións, os seus medos. Un espectáculo que vai chegar con moita facilidade ao corazón e á cabeza do público adulto e xuvenil. A obra está creada pola unión de Artefeito con Igaxes, entidade especializada no traballo con menores en risco de exclusión, e con Culturactiva. A unión de forzas e de sinerxias de calidade está presente tamén detrás do pano do teatro para achegar unha peza única.



Dirección: Mireia Miracle Company
Elenco: Mireia Miracle

mireiamiraclecompany.com

ROJO

Autoría: Mireia Miracle Company
Compañía: Mireia Miracle Company
Venres 28 de marzo de 2025, ás 20.30 h

60 minutos

Rojo é un espectáculo de clown, interacción co público, danza e humor, creado, dirixido e interpretado pola clown Mireia Miracle.

Ademais de ser un espectáculo para todos os públicos, aposta por unha linguaxe universal e sen palabras, xa que **Rojo** quere chegar a todo tipo de audiencias independentemente da súa nacionalidade, cultura, idade, xénero ou situación social. Por iso **Rojo** se move por tan diversos circuítos: dende festivais de teatro, danza, circo e intervención urbana ata asociacións, colexios, institutos e calquera tipo de institución ou acto que aborde a temática actual do éxodo.

Rojo é, sen dúbida, unha homenaxe ao pallaso contemporáneo. Lembra o cinema mudo e a temática e forma de Charles Chaplin, que foi e é unha mestura de comedia e humanidade e que o público, consciente ou non, lembra e goza.



Dirección: Alfonso Zurro
Elenco: Lorena Avila
clasicodesevilla.com

LA VIOLACIÓN DE LUCRECIA

Autoría: Alfonso Zurro (a partir do texto de Shakespeare)
Compañía: Teatro Clásico de Sevilla
Venres 4 de abril de 2025, ás 20.30 h

70 minutos | Espectáculo en castelán

A peza teatral que presenta a compañía Teatro Clásico de Sevilla céntrase no poema **"La violación de Lucrecia"**, de William Shakespeare de 1594. Arredor del Alfonso Zurro escribiu e desenvolveu unha dramaturxia moi especial. Primeiro para articularlo como monólogo feminino. E despois, abriro en varias liñas dramáticas que amplíen o feito histórico e nolo acheguen ata os nosos días. Lucrecia colócanos ante a violencia e a crueldade que implica un acto tan terrible. Un texto límpido que desenvolve diferentes planos de acción. Ao centrarse nos acontecementos narrados pola mirada de Shakespeare, provoca un efecto de perplexidade que non deixa indiferentes as persoas espectadoras.

→ **Premios ESCENARIOS DE SEVILLA 2023 a Mellor Espectáculo, Mellor Intérprete e Mellor Autoría**

→ **Premio LORCA 2024 a Mellor Autor Teatral: Alfonso Zurro**



Dirección: Marián Bañobre
Elenco: Carmen Facorro e Javier Castiñeira

CORTELO DE AMOR

Autoría: Laura Porto | **Compañía:** Amorodio Teatro
Venres 16 de maio de 2025, ás 20.30 h

75 minutos | Espectáculo en galego | Público máis de 12 anos

Jack e Rose, unha parella que rolda a trintena e que levan xuntos dende a adolescencia, van a un concerto do seu grupo favorito, Grande Amore, nunha praza céntrica a carón do seu piso. Logo dunha festa memorable que paraliza a cidade pola afluencia masiva de público, os membros do grupo non conseguen arrincar a súa furgoneta. Rose e Jack, fans incondicionais, non o dubidan e deciden ofrecerlles a súa casa para pasar a noite, e durmir eles dous no faiado.

Durante esa noite no rocho, descubren que a súa paixón se reaviva neste pequeno espazo. Encantados coas marabillas do faiado, teñen a idea de sacar uns cartos extra alugándolles a turistas o seu céntrico apartamento na zona vella dunha senlleira cidade galega, mentres eles aproveitan para pasar tempo no faiado, ao que lle chaman "niño de amor", reconectando como parella.

